



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

# **Programación de Clarinete**

**.Curso 2018/19**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>6</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>7</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>10</b>
	4.1 Educación en valores.....	10
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).....	11
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>11</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>12</b>
	6.1 Curso: 1º curso de Grao Elemental.....	12
	6.1.1 Obxectivos.....	12
	6.2 Curso: 2º curso de Grao Elemental.....	18
	6.2.1 Obxectivos.....	18
	6.3 Curso: 3º curso de Grao Elemental.....	24
	6.3.1 Obxectivos.....	24
	6.4 Curso: 4º curso de Grao Elemental.....	30
	6.4.1 Obxectivos.....	30
	6.5 Curso: 1º curso de Grao Profesional.....	37
	6.5.1 Obxectivos.....	37
	6.6 Curso: 2º curso de Grao Profesional.....	43
	6.6.1 Obxectivos.....	43
	6.7 Curso: 3º curso de Grao Profesional.....	50
	6.7.1 Obxectivos.....	50
	6.8 Curso: 4º curso de Grao Profesional.....	58
	6.8.1 Obxectivos.....	58
	6.9 Curso: 5º curso de Grao Profesional.....	64
	6.9.1 Obxectivos.....	64
	6.10 Curso: 6º curso de Grao Profesional.....	71
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>79</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>80</b>
<b>9.</b>	<b>ANEXOS.....</b>	<b>81</b>
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	81
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	82
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	83





## 1. Introducción

---

A orixe do traballo que presentamos está fundamentada na preocupación e o convencemento ( dos mestres de clarinete do Conservatorio Profesional de Música “Manuel Quiroga” de Pontevedra) da necesidade dunha ordenación e secuenciación dos contidos básicos das ensinanzas musicais que nos leven, a través do espertar dos sentidos, a potenciar todas aquelas capacidades que inicialmente posúen as nenas e nenos, así como a facilitar a aprendizaxe da música nun senso máis amplo: artístico, creativo, de disfrute, do espertar de sensacións e emocións...

A linguaxe musical constitúese nunha linguaxe universal na cal comunícase o ser humano, non importa dende qué lugar nin dende qué esfera, si como auditor ou como intérprete, xa que a linguaxe musical existe, vívese, percíbese, represéntase e é sentido como tal.

Somos conscientes de que por todo iso a través da actividade musical trabállase constantemente sobre áreas cognitivo-intelectual, socio-afectiva e senso-perceptiva-motriz.

Por conseguinte, a través da ensinanza e da práctica musical, lograremos o desenrolo integral do ser humano espertando a sensibilidade e creatividade artística, potenciando paralelamente a apertura a outros recunchos do saber, chegando así á dualidade da música como Ciencia e Arte.

A música é unha habilidade cognitiva susceptible de aprenderse e desenrolarse. A educación musical é a parte da formación humana dedicada ó desenrolo e enriquecemento da percepción auditiva das persoas e relaciónase con esta en coñecer, experimentar e disfrutalas cualidades dos sons e as súas posibles ordenacións e combinacións.

A respiración, as mans dos nenos e o seu instrumento vólvense protagonistas nun todo conxuntado ó suxerir ó son que parece ter vida propia e identidade sonora.

A maioría dos teóricos parecen coincidir en que a ensinanza da música debe abarcar moito máis que o mero aprendizaxe de destrezas musicais específicas; entre os obxectivos a alcanzar débese incluír a comprensión e apreciación das cualidades artísticas da música; a





transmisión da herencia musical, a incentivación da creatividade, da educación social, ... noutras palabras, a educación musical debe contribuír ó desenrolo intelectual, emocional, senso motriz e social do alumno/a.

A educación musical debe ter un fundamento firme na psicoloxía evolutiva. A especificación de obxectivos para a educación musical implica fracciona-las destrezas musicais nos seus compoñentes cognitivos, afectivos e psicomotrices, e a avaliación destes obxectivos recorre fortemente a procedementos de valoración psicolóxica. Por iso, parece fundamental que a ensinanza musical debe estar guiada por unha teoría axeitada ó desenrolo psicolóxico. Entre outros autores que establecen un paralelismo entre o desenrolo cognitivo e o desenrolo musical citaremos a Ross (1981), Swuanwicky Tillman (1986), Garner (1990) e Slovoda (1990).

Coincidimos coa idea apuntada por Gardner (1995) de que a educación musical debe respectar a incrementar as aptitudes e a concepción que o neno/a ten previamente respecto á música e, polo tanto, non debe limitarse a impoñerlle un programa que teña como única finalidade o que consiga realizar execucións competentes senón o desenrolar nos nenos/as actitudes positivas cara a música, o instrumento e a súa aprendizaxe.

Traballar con nenos(as a través da linguaxe musical e expresión instrumental significa ter en conta as súas demandas e necesidade que se suscitan entre o alumno/as e a manifestación e manipulación do instrumento establecendo a empatía necesaria para unha boa e frutífera interacción neno/as instrumento.

Nos atopamos actualmente comprometidos nunha Reforma Educativa na que o Goberno Central marca directrices xerais de especificación ou concreción da educación e os Gobernos Autónomos adaptan os obxectivos, contidos e criterios de avaliación ó seu contexto histórico e cultural.

Na orientación da ensinanza e o aprendizaxe, a opción seleccionada é o construtivismo (Ausubel e Novak), corrente pedagóxica que defende que o coñecemento constrúese a través da interacción do individuo co seu entorno (a música neste caso). A adaptación das propostas de secuenciación de contidos musicais ó contexto real e cambiante da aula é





tarefa do profesorado, que debe decidir sobre o mellor modo de implementar os estudos na aula. É o que pretendemos ó abordar a concreción da Programación de Clarinete elaborada que propomos.

A música esperta no espírito dos e nenas sentimento e emocións provocadoras de actitudes solidarias e interactivas, fomentándose así a socialización e a participación activa persoal e grupal (desenrolo integral do neno/a). Dende o punto de vista pedagóxico debemos motivar ó neno/a a través de experiencias musicais (dirixidas ou provocadas) que fomenten a autonomía persoal e autoestima, desenrolando así a solidariedade, o compañeirismo e a formación do sentimento estético-musical a partir de expresións rítmicas instrumentais, vocais e corporais que lle leven a vivencias e interiorizar o belo e bo. Todo co clarinete como forma vehicular e transmisora de experiencias sonoras e coñecementos que sirvan para integrar ó alumnado no camiño axeitado para unha posible profesionalización e construción dos futuros do noso país.

Os nenos/as que ren aprender o que imaxinan que debe ser aprendido, que non sempre é o primeiro por aprender.

Cando os docentes consideremos isto, poderemos idear formas e proxeccións novas sobre cómo ensinar música nos albores do S.XXI, intentando provocar, a partir destas propostas a apertura cara novos horizontes máis amplos.

O deseño que propomos é un “deseño aberto” na súa dobre vertente:

- Cara a interdisciplinabilidade dos contidos propios da ensinanza musical de cada etapa.
- As novas propostas, formulacións e reformulacións de contidos, como “en cascada”.

A partir deste deseño e modelo, a metodoloxía que propugnamos para o desenrolo da ensinanza de clarinete no Conservatorio Profesional de Música “Manuel Quiroga” de Pontevedra, ó longo dos graos elemental e profesional, é unha metodoloxía activa e participativa, con principios que derivan no análise funcional dos distintos elementos que





interveñen ó longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe en relación á construción de aprendizaxes significativos e globalizados

## 2. Metodoloxía

---

O mestre é conselleiro e guía durante o proceso de ensinanza/aprendizaxe. Debe ofrecer distintas opcións, camiños a seguir, sempre dende unha labor pedagóxica orientativa que estimule, e non imponha, ós alumnos/as a súa receptividade, disfrute e interese fronte o feito artístico (música), así como a súa capacidade de resposta. É o que se chama **APRENDIZAXE POR DESCUBRIMENTO**. Polo tanto, o mestre debe crear na clase un clima que motive e estimule ós alumnos/as ó traballo e esforzo persoal nas tarefas (sen inhibicións) para. superarse, desenvolvendo así a confianza nas súas posibilidades.

Tendo isto en conta, deberá ser unha **METODOLOXÍA ACTIVIVA E PARTICIPATIVA**, que lle leve a progresar dunha maneira eficaz, globalizada e significativa.

Con “globalizada” refírome a:

- que exista unha interdisciplinabilidade entre o linguaxe e a práctica musical (clarinete). A coordinación co linguaxe musical é básica para que o alumno/as asuma que ambas cousas forman parte dunha linguaxe común, e a súa adecuación instrumental verase reflexada de forma clara e coherente, respectando as características propias do clarinete.
- que exista unha globalización entre todos os aspectos que interveñen na interpretación, partindo sempre dunha estrutura global (forma musical).

Ademais fomentárase a creatividade dos alumnos a partir de situacións de improvisación, previamente estudadas e seleccionadas, co fin de que xurdan mensaxes rítmicos-melódicos creados por ele/as con pleno significado e entidade. É o que se chama **FUNCIONALIDADE NOS APRENDIZAXES**.

Debemos fomentar tamén o desenvolvemento integral do alumno. É dicir, debe haber unha coordinación entre mestres, pais, nais e alumnos/as, para que este asuma que a educación musical é parte da súa educación global, polo que durante o desenvolvemento dos contidos,





se fomentarán os distintos aspectos da personalidade do alumno/a. Finalmente, o proceso de ensinanza do clarinete fomentarase dende unha actitude inquietude e descubrimento. O verdadeiramente importante é que o “alumno aprenda a aprender”.

### 3. Atención á diversidade

---

Durante todo o proceso educativo, cada alumno, cas súas propias características persoais debe ser considerado como protagonista principal e se lle debe prestar a cada un deles unha atención personalizada e axeitada a ditas características, tanto para a superación das dificultades como para potenciar e estimular as súas habilidades. É o que se chama TRATAMENTO Á DIVERSIDADE.

A metodoloxía a aplicar na ensinanza do clarinete, polo tanto, ha de ter en conta unha serie de aspectos previos como son as capacidades “físicas e cognitivas” do alumno e os coñecementos previos cos que afronta a súa educación musical co clarinete.

Este apartado está dirixido a aqueles alumnos que sexan de procedencia estranxeira, superdotados ou que posúan necesidades especiais.

#### Alumnado estranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro refírense á comprensión do idioma e as tradicións da súa cultura.

En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado á certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou polas diferencias cos plans de estudio, nalgúns casos extremadamente ligadas á práctica instrumental, case exclusivamente). O papel do mestre será un papel integrador, coidando en todo caso que as actividades planeadas respondan a este principio en todo momento, aproveitando ó máximo as características de cada alumno en canto a os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (determinados ritmos, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país). En canto a comprensión do idioma, esta non supón un gran obstáculo debido ó carácter procedimental





das nosas ensinanzas. En todos os casos coidarase de que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros nas actividades propostas, de maneira activa.

### Alumnado superdotado

Defínese ó individuo superdotado como aquel que posúa:

- unha capacidade intelectual superior á media, e é, por iso, capaz dun rendemento superior ó esperado para a súa idade.
- un alto grado de creatividade. É dicir, a capacidade de producir contidos mentais (ideas) novidosos ou sorprendentes.
- alto grado de motivación e perseverancia:afán de logro, persistencia e entusiasmo en tarefas específicas. Este alumnado dedica unha gran cantidade de enerxía para resolver un problema concreto ou unha actividade específica, sen abandonar ata acadar o fin cando este e de seu interese.

O Real Decreto 943/2003 regula as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ó que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumnado.

Hai que distinguir entre a súper dotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva concreta. Polo tanto, xunto coas necesidades educativas dos superdotados temos que engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, elaborando actividades de ampliación ( é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso) de maneira que poida render segundo as súas propias capacidades.







### Alumnado con necesidades educativas especiais

Tratase de persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar dun axeitamento dos elementos do currículo ou dunha adaptación dos recursos materiais. O alumnado con discapacidade intelectual é aquel que posúe un funcionamento intelectual significativa inferior á media, dificultades en dúas ou máis habilidades adaptativas (habilidades de comunicación, de coidado persoal, de gobernar a súa propia conducta...) e que se manifesta antes dos 18 anos. Pero dadas as características destas ensinanzas, non se consideran na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si alumnos con problemas de aprendizaxe. Para eles, será necesaria a reformulación dos obxectivos, o que supón a adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación. A atención ofrecida ó alumnado con discapacidade motora, debe servir para proporcionarlle os recursos necesarios que lle permitan situarse, dun modo significativo e o máis autónomo posible, no mundo. A discapacidade é menos discapacidade, si no seu entorno se produce unha adaptación as súas necesidades concretas. As axudas técnicas e materiais que con maior frecuencia require este alumnado son:

- eliminación de barreiras arquitectónicas: co fin de posibilitar o acceso a todos os espazos do centro escolar.
- o mobiliario adaptado: que permita facilitar o control postural do alumno e a colocación funcional para o traballo na clase.
- materiais escolares adaptados: bases antideslizantes, apoiadores, correas, etc.

Ademais de outros coma as tecnoloxías de información e comunicación.





## 4. Temas transversais

---

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudio concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo. Constarán como temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

### 4.1 Educación en valores

- “*Educación moral e cívica*”

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

- “*Educación para a paz*”.

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas da Música no mundo.

- “*Educación para a saúde e a calidade de vida*”.

A través do óboe mostrarse como unha posición corporal correcta e a práctica da respiración diafragmática, contribúen a mellorar a calidade de vida e a coida-la nosa saúde.

- “*Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos*”.

Formando grupos mixtos, inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.





## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A constante presenza das TIC's no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Como actividades complementarias á programación do curso, o alumnado realizará audicións públicas (unha por trimestre), así coma concertos extraordinarios que o departamento de clarinete estime oportuno organizar, dependendo da época do curso. Ademais, participará naqueles cursiños (relacionados co seu instrumento) que o mestre lle aconselle para un maior desenvolvemento como músico.

Durante as audicións públicas, non haberá clase ordinaria, e os alumnos deberán permanecer durante o tempo que sexa posible na mesma, suplantando esta actividade á clase de carácter individual semanal.

Para preparar as audicións trimestrais cos respectivos pianistas acompañantes, os alumnos deberán realizar como mínimo tres ensaios coa suficiente antelación, para a súa correcta realización.

Estas actividades están recollidas na programación, polo que son de carácter obrigatorio, e de non asistir ás mesmas, é necesario xustificar a falta co conseguinte cambio de data na súa realización, que será fixado polos profesores de acordo co alumno/a afectado.

Os cambios de data, que soliciten os alumnos/as nas actividades deberán realizarse coa suficiente antelación, sendo motivo de falta se os profesores estiman que a razón ou o período de tempo non é suficiente para a súa modificación.





En canto as actividades extraescolares, o alumnado poderá asistir a diversos concertos que se organizan no conservatorio, así coma participar nas diferentes agrupacións que existen na cidade (bandas populares, grupo tradicionais, orquestras, etc.).

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: 1º curso de Grao Elemental

#### 6.1.1 Obxectivos

- Mostra-los fundamentos dunha posición corporal correcta controlando un tono muscular axeitado do tronco e extremidades tanto nunha posición erguida como sentada.
- Conseguir unha toma de aire (inspiración) o máis relaxada e profunda posible.
- Adoptar unha posición da embocadura que permita lograr un son pleno.
- Descubrir as diferentes opcións de emisión do son nas dúas variantes fundamentais: só con aire/utilizando a lingua.
- Iniciarse no sentido da afinación e a educación auditiva a través da práctica na clase colectiva.
- Coñecer e practica-los sons/dixitacións do clarinete necesarios para toca-la escala cromática dende o Mi 2 ata o Si b 3.
- Domina-las escalas de Fa M e Sol M no rexistro grave así como a escala de Do M ( Do 3-Do 4).
- Reter e madura-los contados coñecementos adquiridos nas clases individuais e colectivas.





- Memorizar pequenos fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Coñece-las indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación que se atopan nos textos musicais propostos neste curso.
- Adaptarse á práctica da música de conxunto.
- Coñece-lo clarinete como instrumento musical: partes que o compoñen, numeración/nome das claves, mantemento e hixiene.

### 6.1.2 Contidos

- Control, dominio e rectificación da posición corporal do alumno a través de exercicios de relaxación adaptados as súas características físicas.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Exercicios de embocadura e emisión.
- Análise e estudo da psicomotricidade do alumno profundando o seu traballo na clase colectiva.
- Escala cromática dende o Mi 2 ata o Si b 3.
- Exercicios de memorización e interpretación.

### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Asimilación dos exercicios de psicomotricidade a posición corporal.
- Mostrar unha correcta posición corporal durante a interpretación do alumno.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.





-Memorizar textos musicais empreñando a medida, articulación e fraseos adecuados ó nivel.

-Interpretar en público obras representativas co seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrontarse con naturalidade ante o público.

### Mínimos esixibles

- Adquirir unha posición correcta do instrumento e do instrumentista.
- Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión.
- Escala de Sol M no rexistro grave.
- Completar a seguinte programación para o curso:

#### **1ª avaliación:**

Escala de Sol M só no rexistro grave e ligado.

Enjoy Playing: páx 1 a 9.

1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados.

#### **2ª avaliación:**

Iniciación á escala cromática dende o Mi 2 ata o Si b 3, tanto ligada como picada.

Escala de Fa M só no rexistro grave cas seguintes articulacións: ligada e picada.

Enjoy Playing: páx. 10 a 18.

1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados.

#### **3ª avaliación:**

Escala cromática dende o Mi2 ata o Sib 3 (ligada e picada).

Escala de Do M dende o Do 3 ata o Do 4 (ligada e picada).

Enjoy playing: páx. 18 a 27.

1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados





## Procedementos e ferramentas de avaliación

### Procedementos

- Reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e auto corrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de 3 audicións publicas ao longo do curso.

Ferramentas: Diario de aula, boletín de cualificacións.





### Criterios de cualificación

A cualificación final resultará da aplicación das seguintes porcentaxe:

A. DIARIO DE CLASE (60%)	B. ACTITUDE (20%)	C. AUDIÇÕES-GRAO CONSECUCIÓN DO REPERTORIO (20%)
Semanal de clase (30%) Probas técnicas (30%)	Actitude de aprendizaxe-hábitos e estudos (10%) Comportamento-Asistencia-Puntualidade (10%)	Pública (10%) De aula (10%)

Os rexistros aparecerán reflexados no **libro do profesor** ou nas **táboas de cotexo**.

A táboa de cotexo utilizada para rexistrar as calificacións das probas será a seguinte:

<b>Texto:</b> -Dificultade da obra -Fidelidade a partitura	50%	
<b>Ritmo:</b> -Precisión -Exactitude rítmica -Tempo	10%	
<b>Musicalidade:</b> -Estilo - Expresión -Fraseo -Carácter -Posta en escena	30%	
<b>Resultado final do cotexo</b>		

O resultado do proceso de cualificación de cada avaliación exprésarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, de valor informativo nos dous primeiros trimestres, dado que o proceso de avaliación é continuo, e de carácter final no terceiro trimestre.







## Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra cos obxectivos do curso amplamente

### 6.1.1 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Procederáse á observación e á avaliación continua, co que no momento que o profesor considere que os contidos foron satisfeitos, procederáse á recuperación da materia en cuestión.

#### Probas extraordinarias de setembro

Este procedemento de cualificación, levarase a cabo para os seguintes casos:

- Perda o dereito á avaliación continua (estes casos veñen desenrolados nas NOF do centro).
- Convocatoria de setembro.

#### Contidos da proba:

- Escala cromática (en relación os contidos do curso)
- Escala de tonalidade (en relación os contidos do curso)
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor)
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a)

O resultado do proceso de cualificación da proba exprésase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

Medios e instrumentos	Rexistro	Criterios de cualificación
Proba	Diario de aula Acta de cualificación Acta de avaliación final	Escalas 20% Estudios 20% Obras 50%





### 6.1.5 Recursos didácticos

Enjoy Playing.....	Ruth Bonetti.
La Clarinette Classique Vol.A.....	J. Lancelot et Classens.
Introduction to the clarinet.....	Geroge Draper.
Aprendiendo a tocar el clarinete.....	Peter Wastall.
The joy of clarinet.....	Yorktown Music Press.
Abracadabra Dúos.....	Malcolm Pollock.

## 6.2 Curso: 2º curso de Grao Elemental

### 6.2.1 Obxectivos

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso de inspiración, retención e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Diferenciar e empreñar os diferentes tipos de articulacións básicas:  
legato, stacatto e picado-ligado.
- Mellorar progresivamente o sentido da afinación relativa e a educación auditiva (clase individual e colectiva) e de conxunto (clase colectiva).
- Dominar a escala cromática dende o Mi 2 ata o Do 5 así, como as tonalidades de Do M-La m, Fa M-Re m e Sol M-Mi m en diferentes articulacións.
- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.





- Memorizar varios fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Empreñar indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Traballar a música de conxunto en diferentes formacións durante a clase colectiva (dúos, tríos, cuartetos, ...).

### **6.2.2 Contidos**

- Control e dominio progresivo da posición axeitada do clarinete e do clarinetista a través de exercicios de relaxación adaptados as súas características físicas.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Reincidir na análise e estudo da psicomotricidade do alumno, profundando o seu traballo na clase colectiva.
- Traballo das escalas do curso en diferentes articulacións.
- Escala cromática dende o Mi 2 ata o Do 5.
- Tonalidades do curso (escalas maiores, menores armónica e melódica, en 3ª e arpéxios fundamentáis).
- Interpretación e memorización dos textos musicais a nivel individual e de conxunto.

### **6.2.3 Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

- Asimilación dos exercicios de psicomotricidade a posición corporal.
- Mostrar unha correcta posición corporal durante a interpretación do alumno.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).





- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empreñando a medida, articulación e fraseos adecuados ó nivel.
- Interpretar en público obras representativas co seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrontarse con naturalidade ante o público.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

#### Mínimos esixibles

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, técnica de estudio na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.
- Completar a programación para o curso:

#### **1ªavaliación:**

- Escala cromática, escala e arpéxo: Do M, La m (harmónica e melódica).
- 26 Etudes Elementaires (nº 1 ao 19).
- 1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados.

#### **2ªavaliación:**

- Escala cromática, escala e arpéxo: Fa M, Re m (harmónica e melódica).
- 26 Etudes Elementaires (nº 10 ao 16).
- 1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados.

#### **3ªavaliación:**

- Escala cromática, escala e arpexio: Sol M, Mi m (harmónica e melódica).
- 26 Etudes Elementaires (nº 17 ao 23).





-1 peza elixida polo mestre de entre os diferentes recursos achegados.

## Procedementos e ferramentas de avaliación

### Procedementos

- Reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e auto corrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de 3 audicións publicas ao longo do curso.

Ferramentas: Diario de aula, boletín de cualificacións.





### Criterios de cualificación

A cualificación final resultará da aplicación das seguintes porcentaxe:

A. DIARIO DE CLASE (60%)	B. ACTITUDE (20%)	C. AUDIÇÕES-GRAO CONSECUCIÓN DO REPERTORIO (20%)
Semanal de clase (30%) Probas técnicas (30%)	Actitude de aprendizaxe-hábitos e estudos (10%) Comportamento-Asistencia-Puntualidade (10%)	Pública (10%) De aula (10%)

Os rexistros aparecerán reflexados no **libro do profesor** ou nas **táboas de cotexo**.

A táboa de cotexo utilizada para rexistrar as calificacións das probas será a seguinte:

<b>Texto:</b> -Dificultade da obra -Fidelidade a partitura	50%	
<b>Ritmo:</b> -Precisión -Exactitude rítmica -Tempo	10%	
<b>Musicalidade:</b> -Estilo - Expresión -Fraseo -Carácter -Posta en escena	30%	
<b>Resultado final do cotexo</b>		

O resultado do proceso de cualificación de cada avaliación exprésarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, de valor informativo nos dous primeiros trimestres, dado que o proceso de avaliación é continuo, e de carácter final no terceiro trimestre.





### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumno promocionará na materia en tanto cumpra cos obxectivos do curso amplamente

### 6.2.4 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Procederáse á observación e á avaliación continua, co que no momento que o profesor considere que os contidos foron satisfeitos, procederáse á recuperación da materia en cuestión.

#### Probas extraordinarias de setembro

Este procedemento de cualificación, levarase a cabo para os seguintes casos:

- Perda o dereito á avaliación continua (estes casos veñen desenrolados nas NOF do centro).
- Convocatoria de setembro.

#### Contidos da proba:

- Escala cromática (en relación os contidos do curso)
- Escala de tonalidade (en relación os contidos do curso)
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor)
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a)

O resultado do proceso de cualificación da proba exprésarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

Medios e instrumentos	Rexistro	Criterios de cualificación
Proba	Diario de aula Acta de cualificación Acta de avaliación final	Escalas 20% Estudios 20% Obras 50%





### 6.2.5 Recursos didácticos

- Enjoy Playing.....Ruth Bonetti.
- 26 Etudes Elementaires.....Jacques Lancelot.
- Método Completo para Clarinete (páx.15 ata 18).....A. Romero.
- La Clarinette Classique Vol. A.....J. Lancelot et Classens.
- The Joy of Clarinet.....Yorktown Music Press.
- Pezas clásicas para clarinete e piano Vol.1.....J. Lancelot et A. Patrick.
- Easy Gershwin for Clarinet.....J. Davies et P. Harris.

## 6.3 Curso: 3º curso de Grao Elemental

### 6.3.1 Obxectivos

- Desenvolver os fundamentos dunha posición corporal correcta do instrumento e o instrumentista.
- Afianzar o proceso de inspiración, retención e expulsión do aire.
- Iniciar ó alumno no control necesario dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de tódolos rexistros.
- Diferenciar e empreñar os diferentes tipos de articulacións básicas:  
legato, staccato e picado-ligado.
- Mellorar progresivamente o sentido da afinación relativa e a educación auditiva (clase individual e colectiva) e de conxunto (clase colectiva).
- Dominar a escala cromática dende o Mi 2 ata o Do 5 así, como as tonalidades de Do M-La m, Fa M-Re m e Sol M-Mi m en diferentes articulacións.
- Elaborar coa axuda do profesor un sistema de traballo individual aplicable ó estudio diario.







- Memorizar varios fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Empreñar indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación dos textos musicais propostos neste curso.
- Traballar a música de conxunto en diferentes formacións durante a clase colectiva (dúos, tríos, cuartetos, ...).

### **6.3.2 Contidos**

- Control e dominio progresivo da posición axeitada do clarinete e do clarinetista a través de exercicios de relaxación adaptados as súas características físicas.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento.
- Reincidir na análise e estudo da psicomotricidade do alumno, profundando o seu traballo na clase colectiva.
- Traballo das escalas do curso en diferentes articulacións.
- Escala cromática dende o Mi 2 ata o Do 5.
- Tonalidades do curso (escalas maiores, menores armónica e melódica, en 3ª e arpéxios fundamentáis).
- Interpretación e memorización dos textos musicais a nivel individual e de conxunto.

### **6.3.3 Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

- Asimilación dos exercicios de psicomotricidade a posición corporal.
- Mostrar unha correcta posición corporal durante a interpretación do alumno.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).





- Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.
- Memorizar textos musicais empreñando a medida, articulación e fraseos adecuados ó nivel.
- Interpretar en público obras representativas co seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrontarse con naturalidade ante o público.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

#### Mínimos esixibles

- Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, técnica de estudio na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.
- Completar a programación para o curso:

#### **1ªavaliación:**

- Escala cromática, escala e arpéxeo: Do M, La m (harmónica e melódica).
- 26 Etudes Elementaires (nº 1 ao 19).
